

RELIXIÓN CATÓLICA

1º PRIMARIA

CANCIÓN , CORTO E PÁXINAS DONDE PODES ENTRAR PARA FACER ACTIVIDADES:

<https://youtu.be/cg6DawbmPCs> Las palabras mágicas

<https://youtu.be/xCthmJqXsucpascua>

http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/41009470/helvia/aula/archivos/repositorio/0/70/html/datos/03_rdi/rdi.htm

Unidade 7, 9 e volvo atrás 2º trimestre, podes facer un debuxo do que trata alguna unidade e contalo en poucas palabras.(na folla pos nome , data e curso). Gárdao para cando volvamos a clase ou mándamo a mloisdominguez@gmail.com.

COMO ESTAMOS NO MES DO LIBRO IMOS FACER UN MARCAPÁXINAS EN CARTÓN SOBRE O LIBRO DOS CRENTES, A BIBLIA.

EXEMPLO:



MOITO ÁNIMO. VÉMONOS AXIÑA.

2º PRIMARIA

CANCIÓN , CORTO E PÁXINAS DONDE PODES ENTRAR PARA FACER ACTIVIDADES:

<https://youtu.be/cg6DawbmPCs> Las palabras mágicas

<https://youtu.be/xCthmJqXsucpascua>

http://www.ceipjuanherreraalcausa.es/Recursosdidacticos/SEGUNDO/datos/07_Religion/datos/03_rdi/rdi.htm

Unidades 7,9,12 e volvo atrás 2º trimestre.Podes facer un debuxo do que trata alguna unidade e contalo en poucas palabras.(na folla pos nome , data e curso). Gárdao para cando volvamos a clase ou mándamo a mloisdominguez@gmail.com.

COMO ESTAMOS NO MES DO LIBRO IMOS FACER UN MARCAPÁXINAS EN CARTÓN SOBRE O LIBRO DOS CRENTES, A BIBLIA.

EXEMPLO:



MOITO ÁNIMO. VÉMONOS AXIÑA.

3º PRIMARIA

PÁXINAS PARA ENTRAR E FACER DIFERENTES ACTIVIDADES:

<https://youtu.be/o691dEnXfNk>

<https://youtu.be/Xm92xRMDOPM>

http://www.ceipjuanherreraalcausa.es/Recursosdidacticos/TERCERO/datos/08_Religion/Programa/recursos.htm

UNIDADE 10, 11 E 12 FACER A ACTIVIDADE 2 NUNHA FOLLA CON NOME E DATA.

<https://youtu.be/6UcXALYP8psel> O PAI BO. RESUME ESTA HISTORIA NUNHA FOLLA E FAI UN DEBUXO E DALLE COR.

Fai un marcapáxinas da Biblia, o libro dos cristiáns.

. Garda todo para cando volvamos a clase ou mándamo a mloisdominguez@gmail.com

MOITO ÁNIMO. VÉMONOS AXIÑA.

4º PRIMARIA

PÁXINAS PARA FACER DIFERENTES ACTIVIDADES

<https://youtu.be/o691dEnXfNk>

<https://youtu.be/Xm92xRMDOPM> EL PADRE ABRAHAN

<http://www.juntadeandalucia.es/averroes/centros-tic/41009470/helvia/aula/archivos/repositorio/0/204/html/Programa/recursos.htm>

UNIDADE 6,7,8 E 9. FACER NUNHA FOLLA A ACTIVIDADE 2 DE CADA UNIDADE.

DEBUXA UN SÍMBOLO RELACIONADO CON CADA SACRAMENTO.

Fai un marcapáxinas da Biblia, o libro dos cristiáns.

. Garda todo para cando volvamos a clase ou mándamo a mloisdominguez@gmail.com

MOITO ÁNIMO. VÉMONOS AXIÑA.

5º PRIMARIA

RESUMO DO CORTO E DEBUXO “EL VIAJE DE SAID”.

<https://www.youtube.com/watch?v=gDyNPNBfNSQel>

ENTRAR EN

http://www.ceipjuanherreraalcausa.es/Recursosdidacticos/QUINTO/datos/06_religion/Programa/recursos.htm

ACTIVIDADES VOLVO ATRÁS 2º TRIMESTRE, E A UNIDADE 8 E 9.

FACER UN LAPBOOK (DESPLEGABLE, TRÍPTICO..) SOBRE A BIBLIA E OS SEUS LIBROS.

. Garda todo para cando volvamos a clase ou mándamo a mloisdominguez@gmail.com

MOITO ÁNIMO. VÉMONOS AXIÑA.

6º PRIMARIA

1 LER A OBRA DE TEATRO:

MIROS

NARRADOR 1-Miroslav é un neno de Bosnia.

NARRADOR 2-Ven a pasar as vacacións a casa de Nelo.

NARRADOR 1- Pero antes diso pasa o seguinte.

NARRADOR 2- Os pais de Nelo danlle una noticia.

(Chegan todos)

NELO –Pero que vos pasa?.Véxovos un pouco nerviosos.

MAMÁ E PAPÁ –Senta fillo. Temos que darche una noticia.

NELO –Xa mo parecía a mín. Que será?, Que me queredes dicir?.

PAPÁ –E unha boa noticia.

NELO –Seguro?

PAPÁ-Imos ir vivir a una casa máis grande. Deixamos a cidade.

MAMÁ-Unha casa moi fermosa. Dalia terá una casinha para ela.

NARRADOR 1 –Dalia é una cadela moi cariñosa.

NARRADOR 2-Xoga moito con Nelo.

NELO –Creo que non me vai gustar porque quero xogar cos amigos de sempre.

NARRADOR 1- Estando en conversa chaman por teléfono

(Soa o teléfono e cólleo a mamá)

NARRADOR 2-Dinlle que se pode acoller a Miros na súa casa durante as vacacións.

NARRADOR 1-A mamá de Nelo acepta.

NELO –Quen é mamá?.

MAMÁ –Nelo, como temos máis sitio na nova casa, virá un neno a xogar contigo. Estará durante as vacacións.Chámase Miros.

NELO –De onde é ese neno, mamá?.

PAPÁ –Miroslav é un neno que naceu nun país no que hai guerra. O seu papá morreu .

NELO –A súa mamá?

MAMÁ – Sigue vivindo en Bosnia .Eu coñecina en Barcelona.

NELO –E teño que compartir a casa con ese neno que non coñezo?. E tamén compartir os papás?.

PAPÁ –Pois un cuantos días sí, pero despois volverá coa súa familia.

(Marcha Nelo un pouco enfadado)

(Volve máis tarde, seus país chámano)

PAPÁ E MAMÁ –Nelo, Nelo ven aquí.

PAPÁ- Ven Nelo ,por que estás tan anoxado? .

MAMÁ-Miros é un neno moi bo e tranquilo. Tiña una vida parecida a nosa. O .unico diferente é que é musulmán.

NELO –Encima iso, teño que compartir casa cun neno doutra relixión.

MAMÁ – (Enfadada) Non sabía que para elixir aos amigos lles preguntabas a que relixión pertencían!.

NELO –E non será unha complicación?.

MAMÁ –Vaia co que me saes agora!

PAPÁ –Creo que o importante é que sexa boa persoa non budista ou musulmán.

(Marchan do escenario)

NARRADOR 1 -Nelo marcha.

NARRADOR 2- Sabe que mamá se pon incómoda cando se fala de racismo.

(Chegan Miros e Nelo)

NARRADOR 1 –Entra Miros e saúda a Nelo.

MIROS – Chámome Miros e tiña gañas de coñecerte.

NELO – Eu son Nelo. Bemvido a miña casa.

MIROS – Grazas por deixarme pasar uns días na túa casa.

(chegan os outros nenos e nenas)

NARRADOR 2- Chegan a casa todos os amigo/as de Nelo. Queren coñecer ao novo “amigo “ de Nelo.

ELSA –Ola , chámome Elsa.

ALBA –Que tal? Eu son Alba.

ANTÓN - O meu nome é Antón.

ABEL –E eu son Abel.

MIROS –Grazas por vir xogar comigo. Eu son Miros. Estarei durante as vacacións con Nelo e os seus país.

TODOS – Bemvido

(Danse un abrazo e saen)

NARRADOR 1-Unha tarde xúntanse todos os nenos (fan un corro sentados no chan).

NARRADOR 2-Falan da situación de Bosnia e de Miros.

ALBA –Por que viñeches para aquí?.

MIROS.-No meu país hai guerra.

ABEL –Pero os nenos e nenas non van a guerra?.

MIROS – Non, pero non hai comida, nos hospitais non hai menciñas, están destruídos....

ANTÓN –Podías ir a escola?.

MIROS –Era moi perigoso. Pero imos xogar , non quero falar de cousas tristes.

(Xogaron un pouco o pilla pilla , a pelota...)

(voven a sentarse)

MIROS –Que canso!

TODOS Eu tamén estou canso/a.

ALBA –Estiven pensando que deberíamos facer algo para parar a guerra no teu país.

MIROS –É moi difícil convencer as persoas que fomentan “odio”.

ELSA –Pero quémolo intentar.

MIROS – A vosa AMIZADE e os BOS DESEXOS xa son algo MOI POSITIVO.

ABEL –E se usamos o globo das festas?.

NELO –Falaremos ca comisión de festas e pintaremos no globo: PAZ PARA BOSNIA.

(fan que pintan a pancarta do globo,xa está pintada e ensínana)

ALBA –Escoitade, podemos facer paxariñas de papel.

(ten una na man, pónense a facer unas paxariñas.)

NARRADOR 1-O día da festa todos estaban moi nerviosos.

NARRADOR 2-Había moita xente.

NARRADOR 1-O globo ascendeu paseniñamente.

NARRADOR 2-E de repente do ceo caeu unha choiva de pombas sobre a cidade.

NARRADOR 1-Ninguén soubo explicar que fora o que pasara.

NARRADOR 2-Os nenos estaban esperanzados....

NARRADOR 1-....de que algún político entendera a mensaxe de PAZ.

(marchan todos e entra una señora de anteollos)

DONA MARGA –Chámome Marga e veño invitar aos nenos Miros e Nelo a merendar e a xogar con Gustavo.

NARRADOR 1-Dona Marga era a dona do pazo.

NARRADOR 2-Os nenos bateron un día co coche de Marcelo nas bicis.

(Dona Marga peta na porta e sae a nai de Nelo).

MAMÁ-Ola! Bos días. Que quería?.

DONA MARGA –Son a veciña do pazo e quero invitar a Nelo e a Miros a merendar e a xogar a miña casa.

(chegan os nenos)

DONA MARGA –Ola!. Xa falei coa vosa nai para que veñades pola tarde a merendar.

NENOS –Ola Dona Marga!. Si, si gustaríanos moito ir. Por favor mamá podemos ir?.

MAMÁ –Sí que podedes.

DONA MARGA –Ata a tarde.

NENOS –Ata logo. Adeus.

NARRADOR 1 –A tarde os nenos chegaron ao pazo.

NARRADOR 2 –Recíbeos a cociñeira, Sara.

(A cociñeira trae una bandexa con pastas e e ponas nunha mesa).

NARRADOR 1-Merendaron no xardin.

NARRADOR 2-Descubren un home con xestos de neno que se pon moi contento coa visita.

(Poñense a xogar coa pelota ,pásano moi ben e logo marchan)

NARRADOR 1- Está chegando o día do cumple de Miros.

NARRADOR 2-O papá de Nelo chega berrando.

PAPÁ –Miros, Miros chegou un telegrama. Baixa axiña.

NARRADOR 1-Miros aparece moi contento.

NARRADOR 2-Ponse a ler e a súa cara vaise entristecendo.

NARRADOR 1- A súa nai felicitaio.

NARRADOR 2-Está feliz pero gustaríalle que lle dese un bico.

NARRADOR 1- Chega Nelo e dalle un abrazo.

NELO –Felicidades Miros.

MIROS –Grazas AMIGO.

(Marchan abrazados)

NARRADOR 2-Pasados uns días chamou Majda, a mamá de Miros

(teléfono)

NARRADOR 1- Tiña una noticia boa e esperanzadora.

NARRADOR 2- Viña buscar a Miros.

(aparecen os papás de Nelo)

MAMÁ –Imos preparar unha festa de despedida.

PAPÁ-A festa máis increíble.

(marchan e chega Magda e abrázase a Miros.)

NARRADOR 1-Cóntalle que atopou traballo nun cuarteto de música de cámara.

NARRADOR 2- Que o tío morreu pero as cousas melloraron un pouco e van intentar estar xuntos e empezar unha nova vida.

MAGDA -Fillo, cantas gañas tiña de verte!.

MIROS – Eu tamén mamá. Pero tamén o pasei moi ben con Nelo e a súa familia.Fixen moitos amigos e pasamos moitas aventuras.

(chega o resto da familia e abrázanse todos, despois diríxese ao público)

MAGDA –Quero imaxinar un futuro sin guerra, cheo de ilusión para Miros e para a miña familia.E coa miña música facer chegar a todos :

PAZ PARA BOSNIA, PAZ PARA TODOS.(Nun cartel).

Adaptación de Isabel Lois. (Abril 2020).

Na clase de Relixión de 6º de Primaria tratamos o tema dos Dereitos e Deberes dos nenos e nenas ao longo de todo o curso. Este tema está dentro da Educación en Valores, para a Paz e a Convivencia.

O libro “E un día chegou Miroslav” de Xoán Babarro e Ana María Fernández ,adaptouse nunha pequena obra de teatro.(TAMÉN PODEDES LER O LIBRO)

Vendo que na situación mundial hai moitos conflitos e pelexas tratamos o tema da “non violencia” e reflexionamos sobre temas que foron aparecendo : acollida, amizade, convivencia, paz, diferentes relixións, problemas derivados da guerra...

2.RESUMO DA OBRA DE TEATRO E OPINIÓN.

3.FAI UN MONICREQUE DE MIROS E OUTRO DO PERSONAXE QUE MÁIS CHE GUSTE.

4. ENTRAR EN

http://www.ceipjuanherreraalcausa.es/Recursosdidacticos/SEXTO/datos/06_Religion/Programa/recursos.htm

ACTIVIDADES VUELVO ATRÁS 2º TRIMESTRE E O TEMA 8 E 9.

. Garda todo para cando volvamos a clase ou mándamo a mloisdominguez@gmail.com

MOITO ÁNIMO. VÉMONOS AXIÑA.